



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓNS PARA A SÍNDROME DE DOWN (DOWN GALICIA), PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE ANÁLISE, ESTUDO E SENSIBILIZACIÓN SOBRE AS NECESIDADES E O ENVELLECIMENTO DAS PERSOAS ADULTAS COA SÍNDROME DE DOWN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social,
DECLARA:

Que esta consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade (DOWN GALICIA) o convenio de colaboración arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto o desenvolvemento dun proxecto de prevención e atención ao proceso de envellecemento no que, partindo do análise, estudo e sensibilización das necesidades do envellecemento das persoas adultas coa síndrome de Down se fomente a súa independencia e autonomía persoal adoptando as pautas que melloren a súa calidade de vida

Que existindo converxencia de intereses entre as entidades asinantes, en orden á consecución do fin perseguido, actuarase consonte ao seguinte:

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro – Nas accións de prevención e atención ao proceso de envellecemento das persoas no que, partindo do análise, estudo e sensibilización das necesidades do envellecemento das persoas se fomente a súa independencia e autonomía persoal adoptando as pautas que melloren a súa calidade de vida

Segundo - No interese publico en estender as anteriores accións en favor do colectivo das persoas con discapacidade intelectual coa síndrome de Down.

Terceiro – Que a Federación Galega de Institucións Para a Síndrome de Down mediante a colaboración das entidades que integran a súa estrutura federativa conta cos medios axeitados para o desenvolvemento do proxecto obxecto deste convenio .

En relación con esta situación , o artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prevé por razóns de interese público a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de urxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Cuarto – Que en vista do interese existente, resulta preciso instrumentar a colaboración coa Federación Galega de Institucións Para a Síndrome de Down para a execución dun proxecto consistente no análise , estudo e sensibilización das necesidades do envellecemento das persoas adultas coa Síndrome de Down que permita fomentar a súa independencia e autonomía persoal adoptando as pautas que melloren a súa calidade de vida.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade

Quinto - A este respecto a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia recolle no seu artigo 19.4 a posibilidade de subvencións directas por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Pola súa parte o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, establece que estas transferencias se instrumentarán a través dunha resolución ou convenio que, en todo caso, deberá axustarse ás previsións contidas en dita Lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

Así pois a actuación que se propón realizar, pode materializarse mediante un acordo coa Federación Galega de Institucións Para a Síndrome de Down. Colaboración que esixe a formalización dun convenio de colaboración coa entidade para realizar a transferencia corrente que permita executar as actuacións precisas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1 /2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de Novembro de 2017.

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

Fabiola García Martínez.

